# A FP básica: á imaxe e semellanza da LOMCE

STEG
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Enfrontar a lectura do preámbulo da LOMCE e observar despois os problemas derivados dela é o máis parecido a aquela imaxe do poeta Nicanor Parra: ordeñar unha vaca e logo tirarlle o leite por riba da cabeza. Engadiría alguén: e desfacerlle o cubo nos dentes. Algúns exemplos: "La educación es la clave de esta transformación mediante la formación de personas activas con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras, deseosas de participar en la sociedad a la que pertenecen, de crear valor individual y colectivo, capaces de asumir como propio el valor del equilibrio entre el esfuerzo y la recompensa[...]El alumnado es el centro y la razón de ser de la educación. El aprendizaje en la escuela debe ir dirigido a formar personas autónomas, críticas, con pensamiento propio. Todos los alumnos y alumnas tienen un sueño, todas las personas jóvenes tienen talento. Nuestras personas y sus talentos son lo más valioso que tenemos como país[...]"

Mais a realidade é obstinada. Un dos máis claros exemplos é a Formación Profesional Básica, que se tentou implantar en setembro pasado de xeito atropelado e ao xeito dos malos cómicos, improvisando na improvisación: uns currículos mal copiados dos xa existentes, unhas ratios totalmente fóra de lugar para alumnado con dificultades e características moi concretas, a inadaptación dos espazos e a inadecuación dos materiais ás necesidades deste alumnado particularmente sensíbel. Estamos a falar de moitas adolescencias que, provisionalmente, tórcense e moitas adolescencias tortas no medio de vidas tortas. En moitos casos a deriva escolar ten que ver con "accidentes" da vida e con "incidentes" escolares, tal é o caso desta FP básica, a panacea deste goberno do PP, que lle permite afirmar que se reduce o fracaso escolar, pero non explica a imposibilidade de dar de baixa a este alumnado no Xade cando se produce o abandono.

Dende o STEG observamos que a Administración educativa simplifica sistematicamente o mundo das relacións entre a adolescencia e a escola. Para esta só existen dúas categorías: os que queren estudar e os que queren traballar, pero como son moi novos cómpre que aprendan algún "oficio". Pensamos tamén que cómpre observar a realidade educativa con outra mirada: "escoitar" as traxectorias e vidas académicas, considerar o que pasa fóra da escola. Pero concretemos aínda máis:

- **a conversión recente dalgúns centros de secundaria en CIFP provocou que algunhas partes do currículo teñan que ser impartidas noutro centro por outro profesorado**. Isto provoca un desprazamento do alumnado cara un e outro centro sen ningunha medida de control, o que na práctica conleva problemáticas de disrupción de todo tipo e absentismo.
- **as dificultades para se coordinar entre o centro de orixe e o segundo centro así como a imposibilidade que presenta o Xade de xestionar a información deste alumnado de xeito compartido.**
- **a falta de máis profesorado que poida atender en condicións a heteroxeneidade e problemáticas do alumnado**, no camiño de favorecer experiencias educativas enriquecedoras e facer da motivación o motor da aprendizaxe, elemento imposíbel no actual estado de cousas.
- **o mal deseño dos horarios e da carga lectiva de natureza máis teórica**: normalmente sitúase en dous días, expoñendo o alumnado a períodos de tempo de tres horas do mesmo ámbito. Quen pode aprender así? Quen quere aprender así? Se a inadaptación destes elementos, entre outros factores, xa arrastrou este alumnado até aquí.
- **o desinterese e pasividade do Servizo de Inspección neste tema, máis preocupado polo que fai un neno de terceiro de primaria que non acude á reválida que por problemáticas que demandan unha verdadeira urxencia na resposta, tal é o caso**.
- **a formación pedagóxica alternativa que o profesorado técnico de FP precisa** para poder impartir clase aínda non se pode facer en Galicia (nin evidentemente en galego) porque a Consellería de Educación aínda non a implementou a pesar dos anos de moratoria.
- a necesidade de ofrecer unha formación pedagóxica axeitada ao profesorado que imparte nestes ámbitos da FP básica, que require de estratexias e dinámicas moi específicas e coordinadas co resto do profesorado para este tipo de alumnado, que presenta un alto grao de heteroxeneidade e que, por riba, agora está todo xunto.

No caso concreto dalgún centro, derivou en graves problemas de disciplina, motivados pola falta de control que provocan as circunstancias anteriormente descritas, con faltas de respecto reiteradas, ameazas e insultos machistas cara o profesorado.

Neste contexto, preguntámonos: que será o seguinte, ao paso ao que imos? É admisíbel o desleixo da Consellería no tocante á FP básica?

En resumo, dende o STEG observamos con preocupación que a FP básica responde a unha motivación infame: contribuír estratexicamente a reducir as porcentaxes de fracaso escolar polo feito anteriormente mencionado, afogar os recursos humanos dos centros de ensino público contribuíndo ao seu deterioro e promovendo a "salvadora oferta" dos centros privados. Abonda con mirar outras comunidades, especialmente a de Madrid, para ver que unha lectura tan crúa non é esaxerada.

Por tanto, reclamámoslle á Consellería que proceda con responsabilidade e a prol do ben común, ese que tan ben lles quedou no preámbulo da LOMCE:

"Detrás de los talentos de las personas están los valores que los vertebran, las actitudes que los impulsan, las competencias que los materializan y los conocimientos que los construyen. El reto de una sociedad democrática es crear las condiciones para que todos los alumnos y alumnas puedan adquirir y expresar sus talentos, en definitiva, el compromiso con una educación de calidad como soporte de la igualdad y la justicia social."

Pobre vaquiña.